

Decreto XXX/2025, do xx de xxxxxxxx, relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 2 do Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparellos de elevación e manutención, establece que será de aplicación para cada clase de aparellos cando entre en vigor a instrución técnica complementaria (ITC) que corresponda e nos prazos que se establezan en cada unha delas.

O Real Decreto 88/2013, do 8 de febreiro, aprobou a Instrución Técnica Complementaria ITC AEM 1 «Ascensores» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real Decreto 2291/1985, do 8 de novembro, considerando a regulamentación aplicable nese momento.

Mediante el Decreto 107/2017, do 26 de outubro, relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia, a comunidade autónoma de Galicia, dentro do seu ámbito competencial fixo o desenvolvemento normativo do citado Real Decreto 88/2013.

O citado Real Decreto 88/2013 foi derogado por Real Decreto 355/2024, do 2 de abril, polo que se aproba a Instrución Técnica Complementaria ITC AEM 1 «Ascensores», que regula a posta en servizo, modificación, mantemento e inspección dos ascensores, así como o incremento da seguridade do parque de ascensores existente, publicado no «BOE» núm. 91, de 13 de abril de 2024.

Respecto das disposicións introducidas pola ITC AEM 1 relativas ao mantemento e á inspección regulamentaria de ascensores faise necesario aclarar e definir diferentes aspectos que afectan os/as titulares das instalacións, as empresas conservadoras e os organismos de control habilitados para a súa inspección, relativos ás súas responsabilidades, obrigas e facultades.

A maiores dos previstos para as empresas conservadoras e os/as titulares das instalacións, particularmente, no presente decreto establécense requisitos que terán que cumprir os organismos de control nas súas actuacións, co obxecto de unificar os criterios de cualificación dos defectos atopados nos ascensores no desenvolvemento das súas actuacións de inspección e para que as súas inspeccións e o seu resultado sexan coherentes co Decreto 54/2011, do 24 de marzo, polo que se regula a autorización e a actuación dos organismos de control en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a citada ITC establece a obriga de que as inspeccións regulamentarias de todos os ascensores, incluídos no ámbito de aplicación da ITC AEM, se realice conforme ás normas UNE 192008-1 e 192008-2, ou o protocolo equivalente que cada comunidade autónoma teña establecido, así como o mantemento dos ascensores conforme coa norma UNE 58720 Mantemento preventivo de ascensores.

A proporción de persoas maiores de 65 anos en Galicia que fai uso de ascensores e a antigüidade do devandito parque de ascensores, fai elevar a posibilidade de accidentes de usuarios, o cal xustifica un incremento das medidas mínimas de seguridade a implantar nos ascensores existentes recollidas no Anexo VII da ITC AEM 1.

Finalmente, sinalar que no Boletín Oficial de Estado núm. 87, de 10/04/2025 publícase o Real Decreto 164/2025, do 4 de marzo, o cal a través da súa disposición final sexta, realiza a modificación do Real Decreto 355/2024, do 2 de abril, polo que se aproba a Instrución Técnica Complementaria ITC AEM 1 «Ascensores», que regula a posta en servizo, modificación, mantemento e inspección dos ascensores, así como o incremento da seguridade do parque de ascensores existente, e da referida Instrución Técnica Complementaria ITC AEM 1 «Ascensores», consistente en engadir o anexo XIII e modificar os artigos 2, 8, 10, 11, o anexo VII e os títulos do anexo IX e do capítulo VI da ITC AEM 1 e a disposición transitoria 1.

Tendo en conta que dous dos obxectivos do libro primeiro do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, son o de prever e limitar os riscos e asegurar a protección contra accidentes e incidentes capaces de lles producir danos ou perdas ás persoas, bens e ambiente derivados da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións industriais, configúrase un sistema onde se fai necesario establecer uns requisitos técnicos e criterios de actuación para que os diferentes axentes poidan dar cumprimento delas dun modo seguro e eficaz.

O artigo 12.5 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria, establece que os regulamentos de seguridade industrial de ámbito estatal se aprobarán sen prexuízo de que as comunidades autónomas, con competencia lexislativa sobre industria, poidan introducir requisitos de ámbito adicional sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio. Agora ben, tendo en conta que as disposicións das directivas da Unión Europea baseadas no «Novo Enfoque» constitúen obrigacións totais para os Estados membros, que estes deben cumprir de maneira equivalente en todo o territorio da Unión Europea –para o que deben retirar calquera disposición nacional previa que puidese existir cando contradixese o estipulado naquelas, ou absterse de legislar sobre a mesma materia (coa excepción da propia transposición)–, as comunidades autónomas non poderán exercer a facultade a que se refire o artigo 12.5 da Lei de Industria no relativo ás condicións de deseño obxecto da precitada normativa europea.

O artigo 30.I.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle á Comunidade Autónoma competencias exclusivas en materia de industria, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1, 11 e 13 da Constitución.

A disposición derradeira terceira do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, dispón que se faculta ao Consello da Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario das prescricións do libro I deste texto refundido, e os requirimentos de carácter técnico que se aproben no futuro.

Este proxecto adecúase aos principios de boa regulación conforme aos cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia e que a norma é acorde ao principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente axústase ao principio de seguridade xurídica, xa que esta norma é coherente co resto do ordenamento xurídico e pretendeuse que sexa clara e que facilite a actuación e a toma de decisións das persoas e empresas. En canto ao principio de transparencia, déronse cumprimento aos distintos trámites propios da participación pública, isto é, consulta pública e trámites de audiencia e información públicas. Con respecto ao principio de eficiencia, non se establecen cargas administrativas suplementarias que non se atopen xustificadas por razóns de control e seguridade e, en todo caso, que resulten as mínimas e proporcionadas á situación que se regula.

Para a elaboración de este decreto seguiuuse a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Durante o período comprendido entre o 21/06/2024 e 08/07/2024 (en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017 polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia) se expuxo publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do portal de Transparencia e Goberno aberto a proposta normativa.

Este decreto consta de 8 artigos, 4 disposicións adicionais, 1 disposición derogatoria e 3 disposicións derradeiras.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Economía e Industria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día xxx de dous mil vinte e cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto deste decreto é o de aclarar e definir diferentes aspectos relativos aos ascensores, que afectan a titulares das instalacións, empresas conservadoras e organismos de control habilitados para a súa inspección, co obxectivo de protexer as persoas e as cousas de incidentes que puidesen producirse como consecuencia do seu funcionamento e mantemento.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Este decreto é de aplicación a todos os ascensores incluídos no ámbito de aplicación da Instrución técnica complementaria AEM 1 Ascensores do Regulamento de aparellos de elevación e manutención (ITC AEM 1 no sucesivo), aprobada polo Real Decreto 355/2024, do 2 de abril.

Artigo 3. *Obrigas das empresas conservadoras*

Son obrigas das empresas conservadoras, ademais das restantes establecidas nos artigos 11 e 12 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención aprobado mediante Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e no artigo 7 da ITC-AEM 1, as seguintes:

1. Cando a empresa conservadora teña que poñer por escrito en coñecemento do titular algunha das circunstancias que indica a ITC, deberá de facelo da seguinte maneira:

1.1 No caso de persoas físicas: deberá de achegar a comunicación en soporte físico (en papel), salvo que exista un acordo co titular, no que se estableza que a comunicación será a través de medios electrónicos.

1.2 No caso de persoas xurídicas: deberá de achegar a comunicación a través de medios electrónicos.

2. Cada vez que se realicen as revisións presenciais de mantemento preventivo dun ascensor, a empresa conservadora colocará unha etiqueta autoadhesiva no ascensor onde conste a data da realización do mantemento e a do próximo mantemento; esta etiqueta situarase á beira da etiqueta identificativa da inspección, e servirá como xustificante da realización do mantemento preventivo.

As características de tamaño e colocación de dita etiqueta será as mesmas do modelo do Anexo IX (Rótulo de inspección periódicas) da ITC-AEM 1.

Deberá figurar como mínimo os seguintes datos:

1. Empresa conservadora
2. N° RAE
3. Data de revisión
4. Data próxima revisión

3. En caso de accidente con danos ás persoas ou animais de compañía, constatado a través de parte médico ou veterinario, ou intervención médica ou veterinaria, respectivamente, ou ao propio aparello, a empresa conservadora deberá deixar o aparello fóra de servizo, de forma que só poida volver ser posto en servizo por unha empresa conservadora, sen intervir no mesmo, ata que reciba as instrucións correspondentes do órgano territorial competente e, tras presentar o certificado de inspección con alcance de periódica emitido por un organismo de control do que realizou a última inspección periódica, cuxo resultado deberá de ser "Favorable sen defectos" e informe das actuacións realizadas no ascensor.

A empresa conservadora comunicará dita circunstancia ao órgano territorial competente en materia de industria por razón do lugar onde estea situado o ascensor mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia, presentará a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento PR004A). Coa devandita

comunicación xuntará informe no que identificará o ascensor polo número de Rexistro de Aparello Elevador (RAE), número de serie do aparello e o enderezo onde está instalado o ascensor, indicando as posibles causas dos danos realizados e describindo os feitos ocorridos.

4. Non será necesario comunicar á administración competente aqueles danos provocados na instalación producido por actos vandálicos, sempre e cando non provoque danos ás persoas ou aos animais de compañía, e que a xuízo da empresa conservadora non supoñan un risco para o funcionamento seguro do ascensor. Colaborar coas administracións públicas no exercicio das funcións regulamentarias e, en particular, coas tarefas de inspección de industria dos ascensores que manteñan, podendo ser requiridas para a presenza das persoas e a presentación de informes que sexan necesarios, de conformidade co disposto no libro primeiro do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial. Así como, prestar toda a información que desde a consellería competente en materia de industria se solicite sobre as características técnicas e demais datos relativos aos ascensores que manteñan.

5. Comunicar ao órgano territorial competente en materia de industria onde se sitúen os correspondentes ascensores, no prazo máximo de 30 días, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN605A), de tódalas altas e baixas de contratos de mantemento dos ascensores que teñan ao seu cargo, poñendo a disposición os datos recolleitos no apartado 10 do artigo 7 da ITC AEM 1.

Na devandita notificación farase constar o nome e domicilio social das dúas empresas conservadoras, entrante e saínte, así como a persoa titular do ascensor e, xunto a ela, presentarase:

- a) O seu nome e razón social.
- b) Data de entrada en vigor do contrato.
- c) Unha copia do contrato asinado pola persoa titular do ascensor e a empresa conservadora.
- d) N.º do contrato de mantemento.
- e) O certificado de inspección efectuada polo organismo de control por cambio de empresa conservadora.

6. O procedemento de comunicación ao órgano competente en materia de industria que se especifica no artigo 7 da ITC se realizará da seguinte maneira:

A comunicación dirixirase ao órgano territorial competente en materia de industria onde estea instalado o ascensor, será a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento IN605A ou PR004A, segundo o caso.

Artigo 4. Obrigas do ou da titular

Son obrigas do titular ou da titular, ademais das restantes establecidas no Regulamento de aparellos de elevación e manutención aprobado mediante Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e no artigo 4 da ITC-AEM 1. En particular:

1. Comunicar a posta en servizo do ascensor mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN605A). Esta comunicación poderá realizala un representante do titular.

2. Comunicar a posta fóra de servizo do ascensor mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN605A). Esta comunicación poderá realizala un representante do titular.

3. Comunicar a baixa definitiva do ascensor mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN605A) xunto coa documentación emitida por empresa conservadora que xustifique o correcto desmantelamento do ascensor. Esta comunicación poderá realizala un representante do titular.

4. Contratar as inspeccións regulamentarias que se indican no artigo 11 da ITC AEM 1, tal e coma indica a devandita ITC.

A inspección periódica non poderá ser contratada en ningún caso pola empresa conservadora, a excepción de que dita obriga veña nos pregos dun contrato vixente coas Administracións Públicas e mentres este vixente, non sendo posible no novos contratos.

5. Conservar toda a documentación necesaria para a posta en servizo do ascensor e manter unha copia da mesma durante polo menos dez anos.

6. Non poderá utilizar o ascensor, en calquera das súas fases previas á posta en servizo do ascensor. Tampouco poderá utilizar o ascensor para fins distintos aos previstos (elevación de materiais ou persoas na fase de construción).

Artigo 5. Posta en servizo e fora de servizo de un ascensor

1. Para a posta en servizo dos ascensores aos que se refire a ITC AEM1, o/a titular ou o seu representante, presentará a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN605A), a seguinte documentación:

- a) A documentación técnica da instalación (ficha técnica, planos da instalación, ...) realizada/entregada polo instalador/fabricante.
- b) A declaración CE ou UE de conformidade entregada polo instalador/fabricante.
- c) O manual de funcionamento, segundo anexo VIII entregado polo instalador/fabricante.
- d) A copia do contrato de mantemento con empresa habilitada.
- e) Cando sexa aplicable, as actas de ensaio relacionadas co control final entregada polo instalador/fabricante.
- f) O certificado de inspección inicial favorable realizada por organismo de control. A inspección inicial deberá de realizarse como máximo nos tres meses anteriores á comunicación da posta en servizo do ascensor.

Toda a documentación incluírá o número de serie do ascensor.

Unha vez recibida a comunicación, a sede electrónica da Xunta de Galicia outorgará automaticamente un número de identificación e rexistro ao aparello (RAE).

2. Para poñer fóra de servizo definitivo un ascensor, o titular ou o seu representante, deberá de comunicalo a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN605A). Identificará o ascensor e achegará un certificado da empresa conservadora en que conste que deixou o aparello fóra de servizo de forma efectiva.

3. Para poñer en servizo un ascensor paralizado temporalmente, o titular ou o seu representante, deberá de comunicalo a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN605A). O ascensor conservará o número de rexistro de ascensor asignado na fase de primeira posta en servizo. O ascensor soamente poderá volver ser posto en funcionamento por unha empresa conservadora. A documentación a achegar é a seguinte:

- Contrato de mantemento con empresa habilitada se existen variacións respecto ao existente no expediente.
- Coma o período de paralización non afecta aos prazos das inspeccións periódicas, se durante a baixa temporal superáronse os prazos das mesmas, deberá de achegar tamén, certificado de inspección periódica favorable sen defectos emitido por organismo de control habilitado.
- No caso de que a paralización sexa superior a tres meses, deberá achegar tamén un certificado de revisión anual de mantemento segundo norma UNE 58720 e un certificado de inspección con alcance dunha periódica emitido por organismo de control habilitado cuxo resultado deberá de ser "favorable sen defectos".

Artigo 6. *Refuxios*

1. Para solicitar a excepcionalidade para o refuxios ou espazo libres situado máis aló das posicións extremas, á que se fai referencia no artigo 3.2. da ITC AEM 1, o titular ou o seu representante, presentará a devandita solicitude xunto coa documentación que se indica a continuación, mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia procedemento IN605B ou procedemento que o substitúa, previamente á execución da instalación. A solicitude dirixirase ao órgano territorial competente en materia de industria da provincia onde estea situado o ascensor.

A documentación a achegar para solicitar a excepcionalidade é a seguinte:

1.1 Informe do/a técnico/a titulado/a universitario/a competente na que se xustifiquen os motivos da imposibilidade de incorporar os refuxios regulamentarios, describindo a situación excepcional, segundo a contemplación das seguintes situacións:

a) Caso dun edificio novo.

Dispoñeranse os refuxios ou espazos libres que indica o citado epígrafe 2.2 do anexo I do Real Decreto 203/2016, do 20 de maio, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización de ascensores e compoñentes de seguridade para ascensores, salvo que se demostrase ao órgano competente da comunidade autónoma que non existe esa posibilidade, nese caso procederíase como se indica non apartado seguinte.

O informe técnico xustificará que non existe a posibilidade de dispoñer dos refuxios ou espazos libres. Neste informe deberá de constar que se trata dun edificio novo e incluírá planos de situación do ascensor dentro do edificio.

b) Caso dun edificio existente.

Dispoñeranse os refuxios ou espazos libres que indica o citado epígrafe 2.2 do anexo I do Real Decreto 203/2016, do 20 de maio, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización de ascensores e compoñentes de seguridade para ascensores.

Soamente se aplicará a casos excepcionais, en particular, nos casos de instalación de ascensores en edificios histórico-artísticos, rehabilitacións ou para posibilitar a accesibilidade e sempre e cando, se estuden todas as posibilidades para practicar tales refuxios ou espazos libres e se xustifique que non se pode adoptar materialmente esa disposición ou se teñen que empregar medios técnicos ou económicos desproporcionados para iso.

O informe técnico concluirá que non se poden practicar os refuxios ou espazos libres materialmente ou que teñen que empregarse medios desproporcionados para iso. No devandito informe, deberá figurar a antigüidade da edificación, planos de situación do ascensor dentro do edificio, comparativa entre a solución que se prevexa desproporcionada e a proposta de excepción e, se é o caso, relación de impedimentos legais.

1.2 No caso de que o titular do ascensor delegue a tramitación do recoñecemento previo da situación excepcional, deberá de achegar documento asinado de delegación.

2. O prazo máximo no que debe de notificarse a resolución de excepcionalidade emitida polo órgano territorial competente en materia de industria da provincia onde estea situado o ascensor, será de seis meses, transcorrido dito prazo entenderase a solicitude estimada por silencio administrativo.

3. Se a situación de excepcionalidade fose recoñecida como tal, as medidas compensatorias para lograr un nivel de seguridade equivalente non deberán ser obxecto de aprobación polo órgano territorial competente en materia de industria da provincia onde estea situado o ascensor, senón que corresponderá unicamente á responsabilidade do instalador.

4. A resolución de excepcionalidade emitida polo órgano territorial competente, deberá de formar parte do expediente do ascensor, polo tanto, o titular ou representante que solicite a posta en marcha do ascensor a través do procedemento IN605A na sede electrónica da Xunta de Galicia, presentará copia da devandita resolución.

Artigo 7. Inspeccións

Sen prexuízo do establecido no artigo 11 da ITC AEM 1 para as inspeccións, se estará ao seguinte:

1. Antes da primeira posta en servizo dun ascensor, deberase realizar unha inspección por organismo de control habilitado distinto ao que interveu na avaliación da conformidade. O resultado da inspección deberá ser favorable sen defectos.

Debe entenderse que unicamente poderán realizar a inspección inicial os organismos de control que non interviñesen nin na fase final da avaliación da conformidade nin na fase de deseño do ascensor, con independencia do número de organismo notificado que aparece xunto coa marcado CE na cabina.

Como resultado da visita de inspección, o organismo de control emitirá un certificado no que se farán constar os defectos atopados e o resultado da inspección, ben como favorable, en ausencia de defectos graves ou moi graves, ou ben como desfavorable, en caso contrario.

O certificado de inspección conterá como mínimo os datos establecidos no modelo incluído dentro das normas UNE 192008-1 e 192008-2, e será entregado ao órgano territorial competente en materia de industria a través da sede electrónica da Xunta (procedemento IN633B - Resultado de actuación por organismo de control). No certificado farase constar, por parte do inspector, a hora de comezo e o tempo empregado na inspección.

A Inspección inicial non é unha inspección periódica. De acordo con o art. 11.3 da ITC AEM 1 os ensaios que se realizaron e documentado no marco dos procedementos de avaliación da conformidade non teñen que volver realizarse. Isto inclúe aos ensaios de verificación final que, no seu caso, realizase un organismo notificado, pero non aos ensaios finais que o instalador ou fabricante do aparello elevador haxa realizado sobre o mesmo, unha vez que devandito aparello fose instalado. As inspeccións incluírán as comprobacións citadas nas normas UNE 192008-1 e -2.

A inspección inicial, ao non ser unha inspección periódica, non é necesario que sexa contratada polo titular do ascensor e poderá ser contratada pola empresa instaladora, pero o organismo de control non poderá ser o mesmo que o que intervéñ nos procedementos de avaliación da conformidade do ascensor.

O persoal da empresa conservador debe estar presente e prestar asistencia activa aos organismos de control nas súas actuacións, segundo establece o art. 7.7. da ITC AEM 1. Para a inspección inicial, ao non haber aínda un contrato en vigor, é a empresa instaladora a que garante a seguridade nas manobras que deban realizarse.

A inscrición do rexistro de ascensores a través do procedemento IN605A na sede electrónica da Xunta fixa o prazo das inspeccións periódicas.

2. A cualificación das inspeccións será realizada polo inspector do organismo de control de acordo cos criterios recollidos no apartado 9 do artigo 11 da ITC AEM 1.

3. A correspondencia entre a cualificación das instalacións establecida no Decreto 54/2011, polo que se regula a autorización e a actuación dos organismos de control en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, e a establecida na ITC AEM 1, é a seguinte:

Decreto 54/2011	ITC AEM 1
Favorable	Favorable sen defectos
	Favorable con defectos leves
	Favorable con defectos leves reiterados
Condicionado	Desfavorable con defectos graves
Desfavorable	Desfavorable con defectos moi graves

4. No caso de cualificar a instalación como condicionada, o organismo de control volverá realizar visita de inspección ao día hábil seguinte ao vencemento do prazo de corrección de defectos, salvo se o/a titular, ou a empresa conservadora no seu nome, comunicase a corrección dos defectos antes de devandito prazo, nese caso pasará nova visita de inspección no prazo de 30 días a partir de dita comunicación, sen exceder en ningún caso o prazo máximo establecido no certificado de inspección.

Aqueles defectos leves reiterados deberanse emendar no prazo de seis meses desde a data da última inspección periódica. No caso de que non sexan emendados o organismo de control emitira certificado con cualificación desfavorable.

5. Se a empresa conservadora non estivera presente e non prestara asistencia activa ao organismos de control nas súas actuacións, este deixará constancia do feito no certificado que resulte da actuación inspectora.

6. Se se atopase algún defecto moi grave, o organismo de control deberá instar inmediatamente á presente empresa conservadora, para que deixe o aparello fóra de servizo, entregando ao ou a titular e á empresa conservadora copia do certificado desfavorable e coa advertencia ao ou a titular de que o ascensor deberá permanecer nesa situación en tanto o defecto non sexa emendado.

O organismo de control remitirá ao órgano territorial competente en materia de industria copia do certificado de inspección con resultado desfavorable no prazo de 24 horas, mediante o citado procedemento habilitado na sede electrónica da Xunta ao efecto (IN633B). De igual forma, a acta de inspección emitida polo organismo de control deberá reflectir esta situación de fóra de servizo.

Ademais, no interior da cabina e na porta de acceso da planta baixa o organismo de control colocará unha etiqueta indeleble co resultado de «FORA DE SERVIZO» cos contidos mínimos e cor segundo o modelo establecido no anexo IX da citada ITC AEM 1.

Para poñer o ascensor de novo en servizo, realizarase unha nova inspección periódica completa polo mesmo organismo de control, non podendo concederse novos prazos de corrección dos defectos que deron lugar á posta fose de servizo do ascensor.

7. Favorable con defectos leves: Todos os defectos leves deberán emendarse como máximo antes de seis meses desde a data da súa detección. A corrección dos defectos leves acreditarase mediante un certificado do organismo de control que

fixo a inspección na que se detectaron os defectos. O organismo de control colocará unha etiqueta verde indeleble co resultado de «FAVORABLE SEN DEFECTOS» cos contidos mínimos e cor segundo o modelo establecido no anexo IX da ITC AEM 1.

O tempo que o ascensor permaneza fóra de servizo computará para os efectos de establecer o prazo da seguinte inspección regulamentaria.

8. No caso de inspeccións non periódicas non será necesaria a comunicación previa da inspección recollida no Artigo 11, apartado 6 parágrafo b) da ITC AEM 1 para as inspeccións periódicas.

9. Comunicación de inspeccións periódicas polos organismos de control:

Antes de realizar a inspección periódica, o organismo de control comunicará de forma fidedigna á empresa conservadora e ao ou a titular, a data prevista da mesma, de forma que poida presenciala se o considera oportuno. Así mesmo, o organismo de control comunicará, a través da sede electrónica da Xunta (procedemento PR004A), polo menos cunha semana de antelación, ao órgano territorial competente en materia de industria. De todas as comunicacións o organismo de control gardará rexistro.

O contido mínimo de dita comunicación será:

- a) Identificación do organismo de control e do inspector.
- b) Identificación do ascensor.
- c) Identificación do/da titular do ascensor.
- d) Identificación da empresa conservadora.

Dita comunicación realizarse na sede electrónica da Xunta, mediante o procedemento PR004A, e remitirase o órgano territorial competente en materia de industria onde se sitúe o ascensor .

10. Entrega dos certificados de inspección:

O organismo de control entregará os certificados de inspección ao órgano competente en materia de industria, ao ou a titular e á empresa conservadora no prazo de 10 días desde a data da inspección, salvo no caso de defectos moi graves, nos que se actuará de acordo con o establecido no apartado 9.c) do artigo 11 da ITC AEM1 .

Dita remisión realizarse na sede electrónica da Xunta, mediante o procedemento IN633B - Resultado de actuación por organismo de control.

Os certificados entregados á empresa conservadora incorporaranse ao rexistro de mantemento establecido no apartado 5.b) do artigo 5 da ITC AEM 1.

11. Todas as inspeccións que se realicen nun ascensor e que teñan o alcance dunha inspección periódica terán, a efectos de prazos, os mesmos efectos que esta, tal como as inspeccións recollidas na disposición transitoria primeira, apartado 3., Artigo 4.4, Artigo 7.11, Artigo 11.8 da ITC AEM 1.

Artigo 8. Medidas mínimas de seguridade a implantar en los ascensores existentes:

Sen prexuízo do establecido no Anexo VII da ITC AEM 1 para as medidas mínimas de seguridade a implantar nos ascensores existentes, se estará ao seguinte:

1. O prazo para realizar a próxima inspección periódica no caso de emisión de certificados de inspección favorables emitidos por organismos de control onde reflectan os prazos para a implantación de medidas mínimas de seguridade segundo establece o Anexo VII da ITC-AEM1, será o recollido no artigo 11.4 da ITC-AEM1, e non no prazo de incorporación de medidas segundo o citado Anexo VII.
2. No caso da medida mínima de seguridade a implantar nos ascensores existentes correspondente a protección do ou a usuario/a contra o peche de portas durante a entrada ou saída da cabina, para xustificar que non é tecnicamente viable a súa implementación en relación á substitución das devanditas portas, requirirase un informe favorable dun organismo de control.
3. A efectos de exoneración das medidas de incremento de seguridade do anexo VII da ITC AEM 1 segundo o previsto no apartado 2 da disposición transitoria primeira da ITC AEM 1 nos ascensores existentes incluídos no ámbito de aplicación desta instrución técnica, deberase remitir ao órgano territorial competente en materia de industria por razón do lugar onde estea situado o ascensor a solicitude polo titular achegando unha xustificación da imposibilidade, así como a proposta de medidas alternativas e un informe favorable dun organismo de control.

A xustificación da imposibilidade e a proposta de medidas alternativas estarán contidas nun informe emitido e asinado por un técnico titulado competente pertencente a un dos axentes habilitados para a execución das modificacións, de conformidade cos definidos no Artigo 10 da ITC AEM 1, e que son:

- a) O instalador/a, segundo a definición recollida no artigo 2.g) do Real Decreto 203/2016, do 20 de maio, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización de ascensores e compoñentes de seguridade para ascensores, cando se trate dos seus propios ascensores.
- b) A ou o fabricante, segundo a definición recollida no Real Decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas., ou no Regulamento (UE) 2023/1230 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2023, relativo ás máquinas, e polo que se derrogan a Directiva 2006/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello e a Directiva 73/361/CEE do Consello., cando se trate dos seus propios ascensores.
- c) Unha empresa conservadora, á que se refire o artigo 6 da ITC, AEM1 para calquera tipo de ascensor.

Disposición adicional primeira. Solicitude de excepcionalidade para refuxios ou espazos libres

A dirección xeral competente en materia de Industria publicará no Diario Oficial de Galicia o formato da solicitude de excepcionalidade para refuxios ou espazos libres regulada no artigo 6, mentres será válido o procedemento IN605B.

Disposición adicional segunda. Notificación de posta fóra de servizo temporal do ascensor

A dirección xeral competente en materia de industria publicará no Diario Oficial de Galicia o formato da notificación de posta fóra de servizo do ascensor regulada no artigo 4, mentres será válido o procedemento IN605A.

Disposición adicional terceira. Uso dos formularios normalizados

Os/as titulares, empresas conservadoras e organismos de control usarán os formularios normalizados dos procedementos administrativos que se habiliten para cumprir coas obrigas

establecidas no presente decreto, no Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e na ITC AEM 1, e demais disposicións legais e administrativas que sexan de aplicación ao campo regulamentario dos ascensores.

A dirección xeral competente en materia de industria desenvolverá e aprobará os citados formularios normalizados.

Disposición adicional cuarta. Modificación e actualización dos formularios normalizados

Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados ás normas reguladoras de procedementos administrativos de prazo aberto, estes poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no Diario Oficial de Galicia, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial destes. Por conseguinte, para a presentación das solicitudes, será necesario utilizar os formularios normalizados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente actualizados e accesibles para as persoas interesadas.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto e, expresamente:

- a) Decreto 107/2017, do 26 de outubro, relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Resolución do 5 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se establece o formato da notificación de posta fóra de servizo do ascensor regulada no Decreto 107/2017, do 26 de outubro, relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Resolución do 5 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se establece o formato da solicitude de excepcionalidade para refuxios ou espazos libres regulada no Decreto 107/2017, do 26 de outubro, relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. Facultade de desenvolvemento

Facúltase á persoa titular da consellería con competencias en materia de industria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de execución*

Facúltase á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de industria para ditar cantas resolucións sexan necesarias para a execución deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

María Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Economía e Industria